

PSICOLOXÍA

2º BACHARELATO

CURSO 2020-21

TEMA 1: A PSICOLOXÍA COMO CIENCIA




JAMIE BALDRIDGE SURREALISMO FOTOGRAFICO

Naceu o 24 de Maio de 1975 , creceu en New Iberia, LA.

Baldrige é un surrealista que crea **cadros psicolóxicos** mediante a manipulación e construción de fotografías que exteriorizan os diálogos interiores da conciencia. Mediante o uso da manipulación dixital, crea imaxes profundamente simbólicas e impresionantes que se confrontan á súa cultura e iluminan a natureza abstrusa da condición humana.

TEMA 1: A PSICOLOXÍA COMO CIENCIA



1.1.- EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA PSICOLOXÍA

1.1.1.- FONTES DA PSICOLOXÍA

1.1.2.- O IMPACTO DA TEORÍA DA EVOLUCIÓN

1.1.3.- PRIMEIRAS TEORÍAS CIENTÍFICAS

1.2.- TEORÍAS CLÁSICAS DA PSICOLOXÍA

1.2.1.- A PSICANÁLISE DE FREUD

1.2.2.- O CONDUTISMO

1.2.3.- A PSICOLOXÍA HUMANISTA

1.2.4.- A PSICOLOXÍA COGNITIVA

1.3.- RAMAS DA PSICOLOXÍA

1.4.- OS MÉTODOS DA PSICOLOXÍA

1.4.1.- MÉTODO CIENTÍFICO

1.4.2.- MÉTODO DESCRITIVO

1.4.3.- MÉTODO CORRELACIONAL

1.4.4.- MÉTODO EXPERIMENTAL

1.5.- ALÉN DA PSICOLOXÍA - NEUROPSICOLOXÍA

1.5.1.- AS CIENCIAS COGNITIVAS

1.5.2.- PSICOLOXÍA CULTURAL

1.5.3.- PSICOLOXÍA E INTERNET

1.- A PSICOLOXÍA COMO CIENCIA

TEMPO PARA A REFLEXIÓN:

- **POR QUE RAZÓN ESCOLLICHES ESTUDAR PSICOLOXÍA?**
- **EXPLICA AS DIFERENZAS QUE CRES QUE PODEN EXISTIR ENTRE A PSICOLOXÍA CIENTÍFICA E A PSICOLOXÍA INTUITIVA (SENTIDO COMÚN).**
- **QUE DIFERENCIAS CRES QUE HAI ENTRE A BIOLOXÍA, A FILOSOFÍA E A PSICOLOXÍA?**
- **ENUMERA 5 PROBLEMAS CONSIDERADOS PSICOLÓXICOS. TEÑEN SOLUCIÓN?**
- **DISTINGUE ENTRE UN FENÓMENO FÍSICO E UN FENÓMENO PSÍQUICO.**

“O MEDO A SABER É, NO FONDO, MEDO A FACER, PORQUE TODO COÑECEMENTO ENTRAÑA UNHA RESPONSABILIDADE” (Abraham Maslow)

1.1.- EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA PSICOLOXÍA

1.1.1.- FONTES DA PSICOLOXÍA

A psicoloxía, como outras ciencias, percorreu un longo camiño ata converterse en ciencia. Tradicionalmente considérase que as raíces da psicoloxía son a filosofía, a fisioloxía e a metodoloxía científica. No seu camiñar histórico tivo varios obxectos de estudo: a alma, a mente e a conduta. **Delimitar o seu campo de investigación e crear métodos e técnicas propios posibilitaron a súa independencia.**

A palabra **psicoloxía** provén de dous termos gregos: **psyché** e **logos**, que significan **alma** (entendida como o que “anima” ou “dá vida” ao corpo) e **coñecemento ou ciencia da mesma**.

- En Grecia, **Platón** defendeu no seu diálogo *Fedro* unha **concepción dualista da natureza humana**: o home estaba composto de alma e corpo. A alma era de orixe divina, unha realidade distinta do corpo material, e a consecuencia dunha “culpa” cometida chegou dende o outro mundo a se encarnar nun corpo mortal.
- Máis tarde, o seu discípulo **Aristóteles** concibiu a psyché como elemento ou principio biolóxico. **A alma era así unha propiedade esencial do ser vivo, e non era independente do corpo, fóra do cal carecía de sentido e existencia.**

Aínda que se trata de dúas ideas de “alma” integradas nun horizonte filosófico, de aquí xurdirá a psicoloxía.


- No século XVII prodúcese un cambio de perspectiva co comezo da filosofía moderna atribuído ao filósofo **René Descartes**. Antes del calquera función vital dos organismos se explicaba pola existencia da alma; ninguén pensaba que os actos humanos puideran deberse á influencia de


estímulos ambientais. **Descartes estableceu unha división dos actos: voluntarios e involuntarios.** Algúns actos, como os reflexos, son reaccións automáticas e involuntarias a estímulos externos, e outras accións son voluntarias, gobernadas pola mente (entidade non física) e debidas a que a persoa elixe comportarse así.

Segundo Descartes, os estímulos do ambiente son detectados polos órganos sensoriais e transmitidos ao cerebro por medio dos nervios. Desde o cerebro xorde o impulso para actuar a través dos músculos, que realizan a acción involuntaria, propia dos animais, que só dispoñen deste mecanismo de conduta innato. Todos os seus comportamentos son respostas reflexas a estímulos ambientais.

En cambio, **os actos voluntarios, organizados pola mente son independentes dos estímulos externos.** Agora ben, **se a mente non é unha realidade física, como pode producir os movementos físicos implicados na conduta voluntaria?** Descartes pensaba que a mente estaba conectada ao cerebro por medio da glándula pineal, onde interactúan o físico e o mental. Debido a esta interacción, a mente podía realizar actos voluntarios e ser consciente dos involuntarios.

ESQUEMA DO DUALISMO CARTESIANO. OS ÓRGANOS SENSORIAIS RECOLLEN OS DATOS DO MUNDO FÍSICO, QUE, A TRAVÉS DOS NERVIOS, SON ENVIADOS AO CEREBRO, CONECTADO Á MENTE POR MEDIO DA GLÁNDULA PINEAL





O **dualismo mente-corpo** descrito por Descartes dividiu o campo de estudo da conduta humana e xurdiron dúas tradicións distintas:

- A primeira dedicouse ao estudo da mente e o seu funcionamento, utilizando a introspección como método de análise.

- Outros científicos dedicáronse a estudar os reflexos. Como estes son provocados por estímulos externos que activan os órganos sensoriais, o seu estudo foi realizado por fisiólogos, mediante a observación e a experimentación.

Estas dúas formas de investigación non tiñan nada en común e produciron dous métodos diferentes na obtención dos datos psicolóxicos.

1.1.2.- O IMPACTO DA TEORÍA DA EVOLUCIÓN

A teoría da evolución de Charles Darwin é a que maior impacto causou na historia humana xunto co heliocentrismo de Copérnico. Esta teoría significou un novo enfoque na análise da actividade mental e das emocións humanas.

Darwin destacou que as especies animais non son constantes, senón variables, e creou unha ponte para salvar o abismo existente entre o animal e o ser humano, ao relacionar o comportamento humano coa evolución dos organismos.

A hipótese darwinista influíu no desenvolvemento da psicoloxía evolutiva, no estudo da motivación e na análise das diferencias individuais.

1.1.3.- PRIMEIRAS TEORÍAS CIENTÍFICAS

Desde **finais do século XIX**, os pioneiros da psicoloxía científica desenvolveron un saber independente da filosofía.

Este cambio prodúcese cando varios investigadores aplican os conceptos da ciencia moderna ao campo da mente, entendida como un conxunto de capacidades que nos permiten ter experiencias conscientes.

☐ A. O ESTRUTURALISMO DE W. WUNDT

Os historiadores da psicoloxía consideran ao fisiólogo alemán **Wilhelm Wundt** o **fundador da psicoloxía científica**, porque creou o **primeiro laboratorio de psicoloxía experimental** na universidade alemá de Leipzig en 1879, e na súa obra *Elementos de psicoloxía fisiolóxica* defendeu a independencia desta nova ciencia.

A psicoloxía deberá investigar os contidos mentais (sensacións, sentimentos e imaxes) mediante a introspección (autorreflexión do observador das súas experiencias conscientes) e a experimentación.

Wundt considera que a estrutura da mente podía estudarse nos seus distintos compoñentes. E dedicou os seus esforzos a investigar a psicofisioloxía da sensación, a percepción e a descrición da conciencia.

☐ B. O FUNCIONALISMO DE W. JAMES

William James, fisiólogo e psicólogo norteamericano, escribiu *Principios de Psicoloxía* en 1890, onde criticou a Wundt por investigar a estrutura mental (contidos mentais) en troques das funcións adaptativas da mente. Os funcionalistas analizan como funcionan os procesos mentais (pensar) para satisfacer as necesidades humanas. **Mentres que os estruturalistas se preguntaban “que é pensar?”, os funcionalistas pregúntanse “para que serve?”**, é dicir, pretenden saber como as nosas habilidades

mentais nos permiten adaptarnos a un entorno cambiante e complexo. James tamén estudou as emocións, que consisten nas sensacións producidas pola percepción dos estímulos externos e a utilidade dos grupos na investigación psicolóxica (persoas de diferentes idades, traballadores, xoves, etc.).

☐ C. A PSICOLOXÍA DA GESTALT

A **percepción** é o proceso polo que as persoas organizan e interpretan as súas impresións sensoriais para dotar de significado o seu entorno. Sen embargo, **o que percibimos pode ser moi distinto da realidade obxectiva**. Cando miramos non percibimos os elementos de forma illada como pezas dun mosaico, senón que percibimos unha "estrutura global". Os psicólogos alemáns da Gestalt (Wertheimer, Köhler e Koffka) **criticaron o enfoque analítico e asociacionista de Wundt**. Non aceptaban que a percepción fora un composto de sensacións e defendían que **o todo é máis que a suma das partes**: percibimos totalidades, non un conxunto de sensacións.

1.2.- TEORÍAS CLÁSICAS DA PSICOLOXÍA

A psicología carece de unidade teórica, non é unha ciencia unificada, hai distintas perspectivas históricas que utilizan linguaxes e métodos moi diferentes. **A pesar das diverxencias, hai unha conciencia de unidade entre os profesionais que a cultivan**.

TÁBOA PRINCIPAIS ESCOLAS DA PSICOLOXÍA

ESCOLAS (Comezo)	OBXECTO DE ESTUDO	TEMAS BÁSICOS	MÉTODO	PERSPECTIVA	AUTORES (Precusores)
ESTRUTURALISMO (1879)	Estrutura da conciencia	Sensación Imaxinación	Introspección	Mentalista	W. Wundt E. Tichener
FUNCIONALISMO (1890)	Funcionamento da conciencia	Hábitos Emocións	Introspección	Mentalista	W. James J. Dewey
PSICOLOXÍA DA GESTALT (1912)	Experiencia perceptiva	Percepción Memoria Pensamento	Introspección Observación	Mentalista	M. Wertheimer K. Levin W. Köhler K. Koffka
PSICANÁLISE	Inconsciente Neurose	Personalidade Motivación Afectividade	Clínico Análise de soños	Mentalista	S. Freud C. Jung A. Adler
CONDUTISMO (1912)	Conduta observable	Aprendizaxe Modificación da conduta	Experimental Terapia de conduta	Condutista	J.B. Watson I. Pávlov B. F. Skinner A. Bandura
PSICOLOXÍA HUMANISTA (1950-1960)	Ser humano	Motivación Personalidade	Psicoterapia	Personalista	A. Maslow C. Rogers
PSICOLOXÍA COGNITIVA (1960)	Estrutura E procesos mentais	Percepción Memoria Razoamento	Experimental	Modelo (ordenador) Racionalista	J. Piaget D. Ausubel J. Fodor G.A. Miller

PSICOLOXÍA CULTURAL (1990)	Influencia da cultura na vida psicolóxica	Socialización Subxectividade	Interpretativo	Histórico - cultural Socio- construcionista	J. Bruner M. Cole R.A. Shweder
-------------------------------	---	---------------------------------	----------------	--	--------------------------------------

1.2.1.- A PSICANÁLISE DE FREUD

Sigmund Freud (1856-1939), médico orixinario de Viena, é o creador da psicanálise, un dos sistemas psicolóxicos que máis arraigo ten na nosa cultura.

Freud modificou a concepción occidental do ser humano, xa que **se opuxo á consideración racional da mente humana, defendida polos filósofos; admitiu a realidade do inconsciente e defendeu que a personalidade está determinada polos impulsos biolóxicos.**

Cría que os datos conscientes son insuficientes para explicar o comportamento humano. A realidade fundamental é o inconsciente, que aflora á conciencia de maneira disfrazada nos lapsus (non lembrar o nome dunha persoa), os actos errados (perder as chaves de casa, ou ir ao salón e non saber a que), os chistes, os soños e as fantasías.

A psicanálise freudiana pode encadrarse na perspectiva mentalista, porque pretende explicar a personalidade, a motivación e a psicoterapia atendendo á historia da mente. Utiliza a introspección, a asociación libre de ideas e a interpretación dos soños como método terapéutico.

1.2.2.- O CONDUTISMO

A psicoloxía condutista foi a **perspectiva dominante durante a primeira metade do século XX**. O seu creador foi **John B. Watson** (1878-1958), que publica un manifesto fundacional en 1913, *A psicoloxía dende o punto de vista condutista*, onde **rexeita a introspección como método e orienta a psicoloxía por camiños máis obxectivos**. Sen apelar á mente ou á fisioloxía, afirma que **a aprendizaxe é o tema fundamental da psicoloxía e sitúa as causas da conduta no entorno, fóra do organismo.**

Watson definiu a psicoloxía como unha ciencia natural cuxo obxectivo é describir, predicir e controlar a conduta, que é divisible en elementos máis simples: estímulos e respostas (reaccións) do organismo. **O psicólogo condutista estuda a conduta animal e humana (entre as que hai continuidade biolóxica) mediante o método experimental.**

O condutismo foi desenvolvido polos teóricos da aprendizaxe. **Iván Pávlov** (1849-1936) é o creador do **"condicionamento clásico"**, introduce o concepto de "reflexo condicionado" como unidade elemental da análise de toda actividade aprendida polos organismos. Máis tarde, **B. Frederik Skinner** (1904-1991) na súa obra *A conduta dos organismos*, de 1938, describe a **"conduta operante"** que está en función das súas consecuencias.

Os condutistas consideran que a conduta é un fenómeno susceptible de observación e cuantificación, e as leis que rexen o comportamento son compartidas por todas as especies.

1.2.3.- A PSICOLOXÍA HUMANISTA

Aparece a mediados da década dos cincuenta e os seus autores máis representativos son **Abraham Maslow** (1908-1970) e **Carl Rogers** (1902-1987). Pero, máis que unha escola constituída, é un movemento con estas características comúns:

- ⇐ O ser humano é autónomo e responsable das decisións que toma para o seu desenvolvemento.
- ⇐ Como os pensamentos, sentimentos e accións humanas forman un todo integrado, a psicoloxía debe estudar ao individuo globalmente.
- ⇐ A vida humana desenvólvese nun contexto interpersonal. A procura do sentido da existencia e os valores humanos son aspectos fundamentais para o ser humano.


1.2.4.- A PSICOLOXÍA COGNITIVA

O obxecto da psicoloxía cognitiva é comprender a natureza e o funcionamento da mente humana e estudar os procesos cognitivos, tales como a percepción, a memoria, a aprendizaxe, o razoamento e a linguaxe.

A psicoloxía cognitiva abandona o modelo condutista (estímulos e respostas) e subliña que entre ambas variables interveñen procesos mentais. **O ser humano non é un executor pasivo de respostas, senón un procesador activo da información que recibe do entorno.**

Os psicólogos cognitivos baséanse na **metáfora do ordenador** e estudan que ocorre na mente dunha persoa cando realiza unha tarefa determinada (procesos mentais) e a forma na que almacena e utiliza o seu coñecemento (estruturas mentais).

As estruturas son as partes permanentes do sistema, o hardware ou soporte físico (memoria a curto prazo, memoria a longo prazo, etc.) mentres que os procesos teñen unha natureza non permanente e están constituídos polas diversas operación que se atopan baixo o control do suxeito (percepción, pensamento, etc.).



A PSICOLOXÍA COGNITIVA AFIRMA QUE O SER HUMANO É UN PROCESADOR ACTIVO DA INFORMACIÓN QUE RECIBE DO ENTORNO

1.3.- RAMAS DA PSICOLOXÍA

A PSICOLOXÍA TEN DÚAS DIMENSIÓNS: A INVESTIGACIÓN BÁSICA E A PSICOLOXÍA APLICADA. Así, mentres algúns psicólogos **investigan no laboratorio** a conduta e o comportamento dos organismos, en especial do ser humano, **outros aplican estes coñecementos a múltiples contextos, como a educación, a clínica, a empresa ou o deporte.**

TÁBOA RAMAS E ÁREAS DE APLICACIÓN DA PSICOLOXÍA DO SÉCULO XXI

PSICOLOXÍA BÁSICA	PSICOLOXÍA XERAL	Ocúpase de investigar a <u>natureza e o funcionamento dos procesos psicolóxicos como a percepción ou a memoria.</u>
	PSICOLOXÍA EXPERIMENTAL	Estuda os procesos psicolóxicos mediante <u>experimentos de laboratorio e utiliza tanto a animais como a seres humanos.</u> O investigador manipula diferentes variables e pode establecer un vínculo entre a causa e o efecto.
	PSICOBIOLOXÍA	Por que unhas lesións do cerebro producen perda de memoria e outras trastornos da linguaxe? Que áreas cerebrais son importantes nas emocións humanas? Como afectan os neurotransmisores cerebrais á conduta? Os psicobiólogos estudan as bases biolóxicas do comportamento, o sistema nervioso e endócrino, e as influenzas da xenética ou a farmacoloxía na conduta.
	PSICOLOXÍA EVOLUTIVA	Estuda os <u>cambios da conduta que se producen durante o desenvolvemento vital (describir), por que ocorren (explicar) e como se pode intervir neles (modificar).</u> Por exemplo, cales son as etapas do desenvolvemento da intelixencia?, hai unha decadencia da memoria na vellez? <u>A psicoloxía evolutiva debe ter en conta a idade do individuo (a cada idade da vida correspóndelle un comportamento), o contexto histórico (cada xeración é diferente no seu desenvolvemento) e o conxunto de experiencias individuais (non hai dous desenvolvementos iguais).</u> Os cambios na conduta son froito da idade e de factores tanto individuais como histórico-culturais.
	PSICOLOXÍA DA APRENDIZAXE	Investiga <u>como se adquiren habilidades, condutas e coñecementos como resultado da observación, a experiencia ou a instrución.</u> A aprendizaxe inflúe na conduta adaptativa dos seres humanos e os animais.
	PSICOMETRÍA	É unha <u>disciplina metodolóxica</u> , cuxo obxectivo é a medición de habilidades, actitudes, trazos da personalidade. Trata da construción e validación de instrumentos de medida tales como os test, cuestionarios e outras probas de avaliación.

	PSICOLOXÍA DA PERSONALIDADE	Está a personalidade xa determinada desde a infancia? <u>Mostramos idéntica personalidade en todas as situacións ou cambia segundo os contextos en que vivimos?</u> Os psicólogos da personalidade <u>investigan que características definen a unha persoa, como interactúan as forzas xenéticas e ambientais na personalidade de cada individuo, e por que estes se comporta dunha forma e non doutra.</u>
	PSICOLOXÍA SOCIAL	Que factores inflúen máis na atracción interpersonal? Que prexuízos e estereotipos son característicos do noso grupo social? Estes son algúns interrogantes que se formulan os psicólogos sociais. <u>O seu campo de estudo é moi amplo e analizan a publicidade ou as influencias dun grupo sobre o individuo.</u>
	PSICOLOXÍA CULTURAL	Os psicólogos culturais examinan as formas nas que a cultura afecta ao pensamento e ao comportamento humano. <u>A linguaxe que falamos, a educación que recibimos, as leis que obedecemos e outros moitos comportamentos dependen da cultura na que temos crecido.</u>
PSICOLOXÍA APLICADA	PSICOLOXÍA EDUCATIVA	Como poden os nenos mellorar a súa aprendizaxe e creatividade? Como integrar aos retrasados e aos superdotados? Débense incluír a educación emocional ou as habilidades sociais na escola? Os psicólogos educativos <u>realizan e interpretan probas psicolóxicas para axudar aos estudantes nas súas decisións, e orientar a pais e profesores para lograr maior rendemento académico.</u>
	PSICOLOXÍA CLÍNICA	Os psicólogos clínicos tratan problemas emocionais e de conduta , dende leves, como <u>falta de autoestima ou timidez</u> , ata os máis problemáticos, como a <u>separación de parella ou a depresión</u> . Axudan ao ser humano a enfrontarse ao seu propio sufrimento.
	PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS	Investiga a <u>conduta das persoas no ámbito laboral para mellorar as relacións humanas</u> . Tamén analiza a estrutura, o desenvolvemento, a cultura e o liderado nas organizacións para mellorar a súa eficacia.
	PSICOLOXÍA XURÍDICA (forense)	Comprende un alto rango de prácticas que involucran <u>avaliacións da capacidade dos acusados, informes a xuíces, avogados e dar testemuño no xulgado sobre determinados temas.</u>
	PSICOLOXÍA DO DEPORTE	Estes psicólogos pretenden lograr que os deportistas desenvolvan todo o seu potencial físico, técnico e táctico.

1.4.- MÉTODOS DA PSICOLOXÍA

As ciencias compartes certas características metodolóxicas que permiten diferenciarlas doutros tipos de saberes.

1.4.1.- MÉTODO CIENTÍFICO

A psicología utiliza o método científico (hipotético-dedutivo) de forma similar a outras ciencias empíricas, **formula hipóteses para explicar os feitos observados e deduce destas as consecuencias para contrastalas coa realidade**. O método científico segue, polo tanto, varias etapas:

a) Observar feitos problemáticos

b) Elaborar hipóteses para explicar o observado

c) **Comprobación experimental da hipótese**. Para isto dedúcese consecuencias da hipótese e comprópanse cun experimento. O deseño experimental é unha tarefa complexa, laboriosa e crítica.

d) Se as previsións das hipóteses son verificadas por experimentos, esta acéptase como verdadeira. (**verificación**). Se hai feitos que demostran que a hipótese é falsa, rexéitase como inválida (**falsación**).

1.4.2.- MÉTODO DESCRIPTIVO

A observación natural non explica a conduta; sinxelamente, descríbea. Na vida cotiá, todos observamos e describimos a conduta das persoas e, ás veces, intuimos por que se comportan dunha forma determinada. **Os psicólogos fan o mesmo, pero dun modo obxectivo e sistemático, mediante a observación, as enquisas e o estudo de casos**. Ademais, a observación pódese mellorar con certos instrumentos como o vídeo ou o ordenador.

Como podemos mellorar a observación do comportamento? Na observación dunha conduta hai que ter en conta estas medidas:

☒ **LATENCIA**.- Tempo transcorrido entre un estímulo e a aparición da conduta.

☒ **FRECUENCIA**.- Número de veces que aparece a conduta.

☒ **DURACIÓN**.- Tempo no que se manifesta a conduta dende o comezo ata o seu fin.

☒ **INTENSIDADE**.- Forza coa que ocorre a conduta.

Observar un comportamento supón que hai unha boa pregunta que responder. Algúns problemas non son resoltos porque **formulamos mal as preguntas**. Por outra parte, hai que ter en conta o nivel de análise psicolóxico que traballamos. Non é o mesmo observar animais en liberdade que é cativeiro, nin observar a un individuo alegre ou deprimido.

1.4.3.- MÉTODO CORRELACIONAL

O método correlacional consiste **na busca dalgún tipo de relación entre dúas ou máis variables**, e en que medida a variación dunha das variables afecta á outra.

- ◆ Unha CORRELACIÓN POSITIVA indica unha relación directa, é dicir, que dúas variables aumentan ou diminúen ao mesmo tempo, por exemplo, a maior autoestima maior nivel de saúde.
- ◆ Unha CORRELACIÓN é NEGATIVA cando a relación é inversa, é dicir, se unha cousa aumenta, diminúe a outra. É fácil observar esta correlación entre as variables autoestima e depresión; unha persoa deprimida adoita ter moi baixa autoestima.

Cando unha variable correlaciona con outra, non significa que unha sexa causa da outra. A correlación é máis apta para describir un fenómeno que para explicalo. **Esta metodoloxía é moi utilizada na investigación da intelixencia e a personalidade**.

1.4.4.- MÉTODO EXPERIMENTAL

Un experimento é toda observación controlada que serve para comprobar a verdade das predicións que se derivan dunha hipótese.

Un experimento supón crear unha situación, xeralmente no laboratorio, que permita comprobar que efectos ten unha VARIABLE INDEPENDENTE (VI) sobre unha VARIABLE DEPENDENTE (VF). Trátase de verificar se ao modificar algunha condición da VI se produce algún cambio na VD. Un investigador pode manipular a VI para demostrar ou rexeitar a hipótese.

- 📖 VARIABLE INDEPENDENTE (VI). É o factor que controla o experimentador e funciona como causa do fenómeno que se investiga.
- 📖 VARIABLE DEPENDENTE (VD). Nun experimento, é a condición (polo xeral, unha conduta) que reflicte os efectos da variable independente.

Vexamos o exemplo dun experimento como pode ser observar se inflúe a temperatura á hora de realizar un exame (lembrades algún do ano pasado pola tarde? Puf!!). O investigador trata de confirmar ou descartar a hipótese nula (os cambios de temperatura non teñen efecto na puntuación dos estudantes) e **aplica o exame tres veces**: unha, ao grupo que realiza o exercicio a temperatura normal; outra, ao grupo con alta temperatura; e outra ao grupo con baixa temperatura.

Os estudantes que realizan o exame **a temperatura normal forman o GRUPO DE CONTROL**. Os **estudantes que o fan alta ou baixa son membros de GRUPOS EXPERIMENTAIS**, cuxa execución se compara coa do grupo de control.

Os grupos experimentais e de control difiren unicamente na cantidade ou nivel da VI. As respostas de ambos grupos mídense en termos da mesma variable dependente. Para realizar ben un experimento é imprescindible:

- ∃ A **MOSTRA** (individuos suxeitos á situación experimental) debe ser típica da poboación que se investiga; só así poderemos xeneralizar os resultados do experimento.
- ∃ Para conseguir resultados satisfactorios, a metodoloxía experimental esixe que o experimento teña **VALIDEZ INTERNA** (existencia da relación entre as variables) e **VALIDEZ EXTERNA** (permite a xeneralización de resultados a outros suxeitos e situacións). Nun experimento controlado, as diferenzas na VI son a única causa posible para calquera efecto na VD. Isto permite establecer relacións de causa-efecto entre variables.

TÁBOA DE MÉTODOS DA PSICOLOXÍA

A pluralidade metodolóxica permite adaptarse ao obxecto de investigación.

Non existe un método ideal, senón que o ideal é utilizar sempre o método máis axeitado

MÉTODO	OBXECTIVO	EXEMPLOS	COMO SE REALIZA
DESCRITIVO	Observar e rexistrar a conduta de forma sistemática.	A privación de soño prexudica a aprendizaxe (rendemento escolar)?	Observación naturalista. Enquisas. Cuestionarios. Estudos de casos.
CORRELACIONAL	Estabelecer relacións entre variables. A relación pode ser positiva, negativa ou nula.	Correlación positiva: calor e comer xeados. Correlación negativa: depresión e baixa autoestima.	Método estatístico chamado "coeficiente de correlación". A forza da correlación oscila entre +1 e -1.
EXPERIMENTAL	Determinar a relación causa-efecto entre dúas variables (VI e VD). Contrastar as hipóteses mediante experimentos.	Experimentos de laboratorio: ver violencia na TV produce condutas violentas? Relación entre alcol e conducir un coche.	Manipulación da VI. VI: factor que manipula o experimentador. VD: conduta (ou resultado) que manifesta o que participa no experimento.

ÉTICA E PSICOLOXÍA – DIRECTRICES BÁSICAS PARA A INVESTIGACIÓN PSICOLÓXICA
1.- NON FACER DANO
2.- DESCRIBIR CON PRECISIÓN OS RISCOS AOS SUXEITOS POTENCIAIS.
3.- ASEGURAR A PARTICIPACIÓN VOLUNTARIA.
4.- MINIMIZAR CALQUERA INCOMODIDADE AOS PARTICIPANTES.
5.- MANTER A CONFIDENCIALIDADE
6.- NON INVADIR A PRIVACIDADE
7.- USAR O ENGANO SÓ CANDO SEXA NECESARIO.
8.- INFORMAR DUN MALENTENDIDO CAUSADO POLO ENGANO.
9.- PROPORCIONAR OS RESULTADOS AOS PARTICIPANTES.
10.- TRATAR AOS PARTICIPANTES CON DIGNIDADE E RESPECTO

1.5.- ALÉN DA PSICOLOXÍA - NEUROPSICOLOXÍA

O progreso das ciencias prodúcese por múltiples circunstancias:

- | O desenvolvemento de novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).
- | A ruptura do illamento entre as disciplinas e a posterior circulación de conceptos dunhas ciencias a outras.
- | A emerxencia de novas metáforas ou hipóteses explicativas.
- | A articulación de diferentes ciencias nun sistema teórico común.

É unha ilusión crer que as múltiples e complexas dimensións do psiquismo humano se poden abordar desde unha soa disciplina? **De que serven todos os saberes parcelados se non é para formar unha configuración que responda as nosas interrogacións cognitivas?** Na sociedade actual, o desenvolvemento da ciencia **non só necesita especialistas, senón tamén investigadores que transgridan (salten, vaian alén, máis alá) as fronteiras da súa disciplina.**

1.5.1.- AS CIENCIAS COGNITIVAS

Caracterízanse pola súa interdisciplinariedade e xorden pola conxunción de varias disciplinas: neurociencias, psicoloxía cognitiva, lingüística, filosofía da mente, intelixencia artificial, antropoloxía, lóxica e informática.

En 1956 os informáticos **Allen Newell** e **Herbert Simon** presentaron o traballo "*A máquina da teoría lóxica*", que é **a primeira demostración dun teorema realizado por unha computadora**. Ese mesmo ano, xunto con **John McCarthy** e **Marwin Minsky**, COMEZARON A INVESTIGACIÓN EN INTELIXENCIA ARTIFICIAL (IA).

Por outra parte, os neuropsicólogos **Eric Kandel** e **Antonio Damasio** traballan con outros científicos para explicar e comprender os mecanismos cerebrais da mente humana, e teñen obtido novos coñecementos sobre os procesos cognitivos cos estudos de pacientes con lesións cerebrais.

As súas contribucións máis importantes débense ao **desenvolvemento das técnicas de neuroimaxe**, que nos permiten "ver" a estrutura e o funcionamento do cerebro, así como analizar as representacións sensoriais e motoras tanto en animais como en humanos.

As neurociencias cognitivas estudan a cognición, é dicir, **COMO A MENTE PROCESA, TRANSFORMA E MANIPULA A INFORMACIÓN**.




ANTONIO DAMASIO (1944- ?).-
Nace en Lisboa e nesta cidade realizou a carreira de Medicina. Máis tarde trasladouse a Estados Unidos, onde é profesor de Psicoloxía e Neurociencia na Universidade de California. O seu principal interese é investigar a neurociencia da mente e o comportamento, e as súas mellores contribucións refírense á comprensión das bases neuronais da conciencia, a linguaxe, a memoria e as emocións. A. Damasio publicou "*O erro de Descartes*" (Ed. Destino, 2010), "*E o cerebro creou ao home*" (Ed. Destino, 2010). Foi recoñecido con grandes distincións como The Golden Brain Award (1995) e The Ipsen Prize (1997) e o Premio Príncipe de Asturias de Investigación Científica no 2005.

Intelixencia artificial. Constitúe un modelo ("metáfora do ordenador") que permite entender o procesamento do cerebro. Caracterízase polo deseño e construción de máquinas intelixentes.

Psicoloxía cognitiva.

Estuda os procesos mentais (sistema representacional) mediante os cales percibimos, aprendemos e actuamos.

Neurociencias (neuro-psicoloxía, neurofisioloxía, neuroanatomía, etc.). Aportan coñecementos da estrutura e o funcionamento do cerebro, tratan de entender as bases biolóxicas dos procesos mentais e da conduta.



Lingüística. Estuda a linguaxe a nivel sintáctico e semántico, e a formación de conceptos. A diferenza entre as linguas débese á diferenza entre as sociedades.

Antropoloxía. Explica ao ser humano no seu desenvolvemento filoxenético e ontoxenético e as influencias socioculturais da súa aprendizaxe.

Filosofía. A filosofía da mente estuda a natureza dos procesos mentais, e a epistemoloxía, os problemas do coñecemento.

AS CIENCIAS COGNITIVAS

ACTIVIDADES REFLEXIÓN – VÍDEO

ANTONIO DAMASIO: "LA BÚSQUEDA POR COMPRENDER LA CONCIENCIA" 20' - Subtítulos en español

- 1.- De que maneira os procesos neurobiolóxicos do cerebro orixinan a conciencia?
- 2.- Como o cerebro xera o noso mundo subxectivo de sensación como o azul, a calor, o frío, ou a dor?

1.5.2.- PSICOLOXÍA CULTURAL

Se a psicoloxía pretende avanzar na comprensión da natureza e a condición humana, **debe analizar a acción recíproca da bioloxía e a cultura**. A ACTIVIDADE MENTAL NON PODE LIMITARSE ÁS CONDICIÓN DA EVOLUCIÓN BIOLÓXICA, SENÓN ABRIRSE Á CULTURA HUMANA.

O psicólogo **Jerome Bruner**, na súa obra *Actos de significado*, defende o poder da cultura para conformar a mente humana e aposta pola comprensión máis que pola busca da explicación causal. **Interésalle máis o significado e o sentido que os feitos.**

«O programa dunha psicoloxía cultural non é negar a bioloxía ou a economía, senón mostrar como as mentes e as vidas humanas son reflexo da cultura e a historia tanto como da bioloxía e os recursos físicos. Necesariamente, utiliza as ferramentas de interpretación das que sempre se ten servido o investigador da cultura e a historia. Non existe unha soa «explicación» do home, nin biolóxica nin de outro tipo. En última instancia, nin sequera as explicacións causais máis poderosas da condición humana poden ter sentido e plausibilidade sen ser interpretadas á luz do mundo simbólico que constitúe a cultura humana.»

Jerome Bruner: *Actos de significado*, Madrid, Ed. Alianza, 2015.

A psicoloxía cultural non nega a actitude que alenta a ciencia positiva, pero **rexeita que o único criterio de validación do coñecemento sexa a realidade empírica.** Esta psicoloxía fundaméntase na cultura (non na natureza) e ocúpase da interpretación (non da experimentación). A diferenza das ciencias positivas, que investigan o real, **os psicólogos culturais exploran mundos posibles, desexables, incluso improbables.**

A psicoloxía cultural nútrese de disciplinas como a antropoloxía, a historia, a socioloxía, etc., formando un proxecto transdisciplinar. As súas **características fundamentais** son:

- **A «cultura» non se di en singular, senón en plural, «culturas».** Todo comportamento individual ou social, expresión de valor ou cosmovisión humana, é a consecuencia dunha cultura **subxectivamente vivida.**
- A sociedade é unha **rede de relacións entre persoas e institucións** que posibilitan a vida en común e compartir unha cultura, uns valores e uns obxectivos.
- O desenvolvemento psicolóxico é unha construción social; a experiencia psicolóxica constrúese na interacción cos demais, cando compartimos un mundo de significados.
- Os elementos que constitúen a nosa subxectividade (crenzas, valores, pautas morais e condutuais) son de natureza simbólica (cultural). De aí o interese que adquiren a linguaxe e a comunicación.
- A psicoloxía cultural fala **desde unha cultura concreta e nun momento histórico determinado.** Recoñece que, **se cambia a cultura, cambian os nosos modos de comprender. E se cambian estes, cambian as nosas experiencias psicolóxicas (pensamentos, actitudes, sentimentos e emocións).** A sociedade multicultural actual ábrenos novos horizontes, novas realidades e sensibilidades, e o diálogo intercultural enriquecerá as nosas vidas.
- Todo suxeito nace no seo dunha cultura particular, e esa cultura —ademais de funcionar como vínculo de unión para unha comunidade e facilitar que os seus membros se comuniquen entre si mediante a linguaxe— implica un conxunto de ideas e valores cos que o suxeito se relaciona co mundo, e ese legado contribúe a configurar boa parte da súa identidade.

1.5.3.- PSICOLOXÍA E INTERNET

As tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) son unha das pancas que moven o mundo, porque A ECONOMÍA XA TEN COMO PRINCIPAL FONTE DE RIQUEZA O COÑECEMENTO E A INFORMACIÓN, MÁIS QUE OS RECURSOS NATURAIS OU OS BENS INDUSTRIAIS.

As TIC están cada vez máis presentes nas nosas vidas. **Internet provocou un gran cambio tecnolóxico, económico e social que fixo posible a globalización dos mercados, a cultura dixital e o esvaecemento das fronteiras.**

□ A. CARACTERÍSTICAS

- ◆ Internet ten xerado un cambio profundo na historia humana porque modificou as prácticas de sociabilidade, a comunicación e o acceso á información. A sociedade dixital esténdese globalmente e transforma aspectos fundamentais do ser humano. Temos pasado do mundo físico ao mundo dixital.
- ◆ A sociedade da información superponse aos países e ás cidades, dando cobertura ao **ciberespazo**, unha rede de información electrónica onde o tempo e o espazo se transforman, se desprega un novo tipo de sociedade e se transforman as nosas condicións de vida e de traballo. NA ECONOMÍA DIXITAL NON NECESITAMOS FORZA, SENÓN CREATIVIDADE.
- ◆ **O ciberespazo ofrece ás persoas a sensación de ser transportadas do seu mundo físico a mundos imaxinarios**. O ciberespazo ten moito que ver co cine e co teatro, pero é único polo **poder que dá aos espectadores (interactividade)**. A palabra impresa e a radio relatan e comunican, o cine e o teatro mostran, **o ciberespazo encarna**.
- ◆ Os **trazos** máis importantes de Internet son: **a non linearidade; a inmediatez do «aquí e agora»; a tendencia á heteroxeneidade, a fragmentación e exaltación das diferenzas e a creación dunha estrutura social en redes; a atomización da información e a conectividade con outras persoas, o que permite construír coñecementos colaborativos**.
- ◆ A experiencia audiovisual e a interactividade supoñen unha nova forma de ver, sentir e pensarse en sociedade. Internet deu lugar ás chamadas **comunidades virtuais**. Todas as persoas de diferentes lugares e interesadas en asuntos comúns poden intercambiar información de forma instantánea.

□ B. DESAFÍOS


As vantaxes do ciberespazo son innegables, pero fórmulanlle ao ser humano **novos retos**:

- ◆ NA SOCIEDADE ACTUAL EXISTE UN EXCESO DE **ESTIMULACIÓN SIMBÓLICA**, vemos imaxes de múltiples sucesos sen saber as súas causas e que repercusións terán nas nosas vidas. O importante é comprender o significado dos feitos e acontecementos e a súa importancia na vida real. **PARA QUE QUEREMOS INMENSAS CANTIDADES DE DATOS INÚTILES, EXCEPTO PARA EMBOUTAR A NOSA CAPACIDADE DE PENSAR?** MMM

- ◆ Os **vínculos sociais** fanse cada vez máis independentes do tempo e do espazo. Xa non é necesario un lugar físico para establecer relacións sociais. Tal vez o incremento dos fogares unipersoais está relacionado co avance das TIC.

- ◆ A **realidade virtual** permite **multiplicar os encontros interpersoais**, pero **de forma fugaz e superficial**. Os usuarios de Facebook, MySpace, etc., están encantados dos seus «contactos» rápidos porque **dispoñen da tecla «suprimir»**, que lles protexe da interacción en profundidade. Sen embargo, **o que se resinte é a profundidade e a durabilidade das relacións humanas**.

- ◆ A **vida virtual** ben dirixida é útil, pero **O SEU USO ACRÍTICO PODE TER EFECTOS DESASTROSOS PARA A DIVERSIDADE CULTURAL OU AS RELACIÓNS HUMANAS. DEBEMOS RECORDAR QUE O OBXECTIVO DO CIBERESPAGO É ENSANCHAR A NOSA MENTE E NON SER UN SUBSTITUTO DAS NOSAS ACTIVIDADES NA VIDA REAL.**MMM



<http://www.psicoactiva.com>

Psicoactiva é unha iniciativa que xorde da necesidade de adaptar a psicoloxía ás novas tecnoloxías. Nesta páxina encontrarás test psicolóxicos e psicotécnicos, artigos, noticias de actualidade, actividades e xogos para mellorar as túas capacidades cognitivas, curiosidades, apuntamentos, ilusións ópticas, dicionarios, un potente buscador de psicoloxía, etc.

ACTIVIDADES

ACTIVIDADE COMPETENCIAL

<https://www.youtube.com/watch?v=WuwSEX8RewY>

Discovering Psychology. «Descubrir la psicología, pasado, presente y futuro». Programa de Philip Zimbardo.

Duración: 25 min.

- 1.- Cales son os obxectivos da psicoloxía?
- 2.- Por que é relevante estudar a historia da psicoloxía?
- 3.- Sinala un exemplo destes factores do comportamento:
 - a. Constitución xenética.
 - b. Características da personalidade.
 - c. Aptitudes e estados mentais.
 - d. Estímulos sensoriais.
 - e. Recompensas.
 - f. Accións dos demais.
- 4.- Segundo Philip Zimbardo, cales son os tres niveis de análise da conduta característicos da psicoloxía? Podes citar un exemplo de cada un?
- 5.- Describe algunha realización concreta destes pioneiros da psicoloxía: W. Wundt, W. James, S. Freud.

TEXTOS

Unha investigación histórica

Ignaz Semmelweiss, físico de orixe húngara, realizou entre 1844 y 1849 certos traballos sobre a febre puerperal. Como médico da Primeira División de Maternidade do Hospital Xeral de Viena sentíase angustiado porque unha alta porcentaxe de mulleres que tiñan dado a luz na súa división contraía a enfermidade febre puerperal ou febre de sobreparto. Neses anos, unha media do 8% de nais morreron na súa división por esa enfermidade, contra un 2% que adoitaban morrer en outras divisións. Para resolver o problema empezou por examinar varias explicacións do fenómeno.

Unha opinión amplamente difundida atribuía as olas de febre puerperal a influencias epidémicas que se describían vagamente como cambios atmosférico-cósmico-telúricos. Pero, como —argüía Semmelweiss— podían eses cambios ter infectado durante anos á súa división respectando ás outras? As epidemias de cólera non eran tan selectivas.

Por outro lado, moitas mulleres sorprendidas polo parto en plena rúa adquirían a febre en menor proporción que as mulleres da súa sala. Segundo outra opinión, o amontoamento podía ser a causa das febres, pero o amontoamento de mulleres era maior noutras divisións do hospital que na súa. Semmelweiss descartou igualmente as posibles diferenzas de dieta alimenticia e de coidados xerais, xa que ambos eran idénticos en todo o hospital.

Acudiuse a varias explicacións psicolóxicas. Unha delas mencionaba que o sacerdote do hospital, cando portaba os últimos auxilios para unha moribunda, sempre atravesaba a división primeira.

En 1847, a casualidade deu a Semmelweiss a crave para a solución. Un colega seu, Kolletschka, recibiu unha ferida penetrante nun dedo, producida por un escalpelo co que un estudante estaba practicando a autopsia dun cadáver, e morreu mostrando na agonía os mesmos síntomas que as mulleres con febre puerperal.

Por aquela época aínda non se descubrira o papel dos microorganismos nas infeccións, pero Semmelweiss comprendeu que a materia cadavérica que o escalpelo do estudante introducira na corrente sanguínea do seu compañeiro fora a fatal causa da enfermidade; chegou á conclusión de que esa tiña sido tamén a causa das mortes das mulleres da súa sala.

Carl Hempel: *Filosofía da ciencia natural*, Madrid, Ed. Alianza, 2006, pp. 16-20.

A trágica historia de Semmelweiss

A súa incuestionable verdade [...] chocou frontalmente contra o cómodo e egocéntrico prexuízo dos xinecólogos: como fan ser eles, os santóns da ciencia e da saúde, os causantes da enorme mortalidade? As sociedades médicas de Ámsterdam, Berlín, Londres e Edimburgo condenaron as súas teorías. Ignaz foi expulsado do colexio médico e, en 1849, as autoridades ordenáronlle abandonar Viena. A partir de entón foi un paria, un apestado. Atacado por todos e desesperado pola certeza do que sabía, por esa verdade indiscutible e tan sinxela que tería podido aforrar centos de miles de vidas, foi perdendo os nervios pouco a pouco. En 1856, acurrulado e horrorizado, publicou unha carta aberta a todos os profesores de obstetricia: «Asasinos!...» Tiña razón, os seus colegas comportábanse como criminais.

Semmelweis tiña razón, si pero non o poder, e os poderosos do seu tempo decretaron que estaba tolo e encerrárono nun psiquiátrico. En 1865, durante unha saída do manicomio, Ignaz afundiou un escalpelo nun cadáver putrefacto e logo feriu-se a si mesmo. Tres semanas despois morría cos síntomas das parturientes. Foi un último e desesperado intento para convencer aos xinecólogos, pero o seu sacrificio non serviu de nada: tiveron que pasar cincuenta anos ata que a clase médica, aceptara os seus elementais conceptos de hixiene.

Rosa Montero: «Prejuicios asesinos», *El País Semanal* (20-11-2005).

- 1.- Que é unha investigación científica? Sinala todas as hipóteses propostas por Semmelweiss para explicar as mortes na División de Maternidade do Hospital Xeral de Viena entre 1844 e 1849.
- 2.- Que probas empíricas utiliza Semmelweiss para comprobar as diferentes hipóteses?
- 3.- Por que os científicos da súa época rexeitaron o descubrimento de Semmelweiss?
- 4.- A actitude acrítica e pouco democrática da comunidade científica cara a Semmelweis, é parecida á que adoptaron os teólogos cos herexes na Idade Media? Por que?
- 5.- Cales son as características dun bo médico?
- 6.- Por que o coñecemento da medicina transcende a división académica entre ciencias e humanidades?
- 7.- Necesitan os científicos coñecer a historia para non caer nos erros do pasado?
- 8.- É a curiosidade a mellor ferramenta contra a verdade establecida e a obsesión de estar no certo, cousas rifadas coa liberdade e a crítica necesarias para o coñecemento?

PENSAMENTO CRÍTICO

Un libro

Mario Vargas Llosa: *La civilización del espectáculo*, Madrid, Santillana, 2012.



A arte e a cultura renunciaron ás grandes misións de carácter pedagóxico, conducentes á mellora da liberdade do individuo, para ocuparse de embelecer os produtos do entretemento, o consumo e a diversión. Vargas Llosa entréganos unha dura radiografía do noso tempo.

Unha película

László Nemes: *El hijo de Saúl*. Hungría, 2015. Duración: 107 min.
Intérpretes: Géza Röhrig, Levente Molnár, Urs Rechn.



O cineasta húngaro László Nemes narra a experiencia dun sonderkommando -deportados xudeus forzados a realizar traballos especiais nas fábricas da morte- durante os momentos tráxicos do exterminio en Auschwitz-Birkenau, en outubro de 1944. A mirada céntrase no traballo de Saúl (interpretado polo poeta húngaro Géza Röhrig), que inmunizado fronte ao horror só actúa para dar enterro ao cadáver dun neno. O director fainos reflexionar sobre a falta de nitidez dos límites da miseria humana, os abismos de crueldade aos que pode chegar o ser humano e a falta de claridade nos seus comportamentos.

Manuel Seixas – Xuño - Setembro do 2017. Revisión e reestruturación – Setembro 2019.

Compilación de material propio + Libro texto: "Psicología" 2º Bacharelato, José Ignacio Alonso García, Ed. McGrawHill, 2016 + Compilación de material na rede.

Tradución: Manuel Seixas.

